
María Jesús Lorenzo-Modia / Anna Szczepaniak-Kozak (eds.): *From life to text: building linguistic and cultural identity*. Pila, PWSZ Stanislaw Staszic University Press, 2012, 287 páxinas.

From life to text: building linguistic and cultural identity, obra coordinada polas profesoras e investigadoras María Jesús Lorenzo-Modia e Anna Szczepaniak-Kozak, constitúe un libro de referencia nos estudos sobre sociolingüística, dado que a través das diferentes achegas de que consta verificamos o modo en que as persoas trasladan as súas experiencias vitais, culturais e lingüísticas aos textos e a súa importancia na construción de identidades, tanto a nivel individual como colectivo¹. Igualmente, este contributo demostra a profunda interrelación existente entre as nosas vivencias e a lingua, a cultura e a literatura en que estas se enmarcan, a pesar da tendencia á especialización que se deu nos últimos anos. Por tanto, a tese fundamental que se defende nesta obra é a de que cada comunidade e cada individuo construíra a súa propia identidade a través dunha serie de condicionantes socioculturais e que estes, por súa vez, achan na linguaxe e nos textos –orais ou escritos– o seu principal vehículo de expresión.

Estamos perante un estudo rigoroso que nos ofrece múltiples perspectivas desde as cales nos aproximarmos deste fenómeno. A obra está composta por dez artigos da autoría de diversas personalidades no campo dos estudos culturais, lingüísticos e literarios e procedentes de diversas xeografías –Polonia, Galiza, Escocia etc.–, o que contribúe para a dotar dunha notábel universalidade. Neste sentido, convén sinalarmos que as anteditas achegas figuran divididas en tres seccións: a primeira dedicada a cuestións culturais e literarias, a segunda centrada nos estudos de natureza intercultural e finalmente, a terceira, en que se realiza unha achega á aprendizaxe de linguas desde unha focaxe narrativa ou experiencial. En relación con isto, é preciso subliñarmos a amplitude temática da obra, se ben que en todo o momento é posíbel establecermos pontes comúns que interrelacionan os contributos e que os encadran na liña dos estudos culturais e identitarios, non só polo tema principal que está presente, en maior ou menor medida, en todos os artigos do libro, mais tamén polo papel significativo que neles desempeñan os textos.

A primeira parte da obra está composta –como xa sinalamos– de ensaios de natureza cultural e literaria e está baseada fundamentalmente en análises textuais. Así, no primeiro deles, “Reading the mission statement: on rhetoric and the construction

1 Para un estudo destas características sobre a Galiza e a lingua galega véxase Freixeiro Mato (2006).

of corporate identity”, Emilia Wąsikiewicz-Firlej realiza un estudo sobre o modo en que os individuos e especialmente as organizacións constrúen a súa identidade, non só a través das súas prácticas sociais, mais tamén por medio do discurso. Así as cousas, a antedita autora, a se basear en modelos teóricos clásicos e modernos, centra a súa investigación nas “declaracións de obxectivos” das empresas, a través das cales determina de que forma as compañías se esforzan en proxectar e en manter a súa identidade. A análise lingüística deste xénero (para)textual permite á autora ilustrar o público lector sobre as principais estratexias empregadas polas entidades para ofrecer unha imaxe corporativa críbel e aceptada polos seus potenciais clientes². Embora baseada nun corpus reducido, este estudo abre unha nova porta para as investigacións de natureza sociolingüística, dado que os textos con que se traballou son esencialmente autoreferenciais e a súa finalidade principal é a de manter a identidade de grupo.

Nunha liña similar de análise do discurso, neste caso literario, María Eugenia Perojo-Arronte reflicte en “Henry Fielding on the novel: canonizing ‘the art of life’” sobre a importancia deste escritor na construción da novela moderna inglesa, cuxos presupostos formais revolucionaron o campo literario da época. Segundo esta autora, Fielding ilustra o espírito do momento, mais sen ocultar a natureza ficticia da súa obra, adoptando un estilo totalmente oposto ao dos seu coetáneos, que utilizaban as memorias ou o formato epistolar para tornaren a súa historia verosímil e próxima da realidade. Este escritor foi dos primeiros en recoñecer a súa historia como ficción e en advertir o público lector de que a realidade se estendía moito máis alá da súa novela e foi precisamente por non pretender debuxar a realidade tal cal era, senón o máis relevante, que se converteu nun dos primeiros escritores realistas, que conseguiu realizar auténticos retratos sociais sen ofrecer máis do que uns poucos trazos. Fielding contribuíu, por tanto, para caracterizar un novo xénero en lingua inglesa –unha versión moderna da épica– ao tempo que engadiu certa carga de identidade cultural ao consideralo como unha ferramenta de identidade nacional.

Pola súa parte, María Jesús Lorenzo-Modia dedica o seu artigo “Building cultural and gender identity in eighteenth-century periodicals: Charlotte Lennox’s *The Lady’s Museum* and Frances Brooke’s *The Old Maid*” a analizar o ambiente cultural do século dezaioito desde a perspectiva de xénero. Concretamente, orienta a súa atención para dúas persoas de recoñecido peso na sociedade, Charlotte Lennox e Frances Brook, que a través das súas respectivas publicacións exerceron un papel fundamental na difusión da cultura e da literatura nesa época. O papel da muller muda

2 Nunha liña similar, Sanmartín Rei (2002) pon de manifesto o papel fundamental que desempeñaron os paratextos no contexto da literatura galega, dado que conformaron lugares privilexiados para a difusión de idearios e para o desenvolvemento da identidade literaria, mais non só.

profundamente no século XVIII e, neste sentido, os xornais e as revistas estudadas por Lorenzo-Modia testemuñan como se foi construíndo a dita transformación. Embora en moitas das revistas dirixidas polo sector masculino predominasen aínda certos padróns da sociedade patriarcal e os contidos –nomeadamente os dirixidos para mulleres– estivesen restrinxidos a unha esfera concreta, nas contribucións que neste campo realizaron as anteditas autoras podemos observar unha ampla variedade temática de creación (recensións, artigos, crónicas internacionais etc.), en que tamén teñen cabida as reivindicacións feministas. Por tanto, as dúas revistas e o activismo de ambas as mulleres non só foron fundamentais para o desenvolvemento do xornalismo, mais tamén para construción da identidade cultural e literaria de xénero³.

O artigo que encerra esta primeira sección, intitulado “Horological time in English and Hungarian song texts: Who put the ‘L’ in c[lock]-crow?”, da autoría de Andrew C. Rouse, realiza unha aproximación a unha das cuestións máis trascendentais ao longo de toda a humanidade, isto é, ao modo en que homes e mulleres constrúen as súas vidas a través dunha secuencia temporal. Na súa análise, Rouse céntrase fundamentalmente no século da Ilustración e pon de manifesto a importancia que os avances tecnolóxicos e as súas repercusións tiveron na concepción do tempo e de que maneira isto se reflicte nos textos, nomeadamente nas cancións húngaras e inglesas –que lle serven para realizar un estudo comparativo–. En todas elas o autor verifica a relevancia das referencias temporais, se ben que detecta unha aparición preeminente das indicacións de tempo non cronolóxicas. En todo o caso, esta enorme incidencia verifica a transcendencia da temporalidade para a construción da identidade no marco dunha determinada sociedade e, en consecuencia, o seu estudo vira significativo nunha obra destas características.

Inaugurando a epígrafe dedicada aos estudos interculturais e, sobre todo, ao modo en que percibimos o diferencial baseándonos na nosa propia identidade cultural, figura o estudo de Anna Szczepaniak-Kozak intitulado “The narrative approach: The individual perspective in intercultural meetings”. Esta autora, partindo das teorías de Bakhtin, repara na importancia dos condicionamentos culturais, lingüísticos e contextuais para a interpretación dos significados desde a posición do outro, pois serán estes factores os que condicionarán a nosa lectura dunha determinada situación. Logo de dedicar algunhas páxinas á análise de varios modelos teóricos, cal a Grounded Theory (GT), focaliza a súa atención na focaxe narrativa que, na

3 Neste sentido, destaca no contexto literario galego a publicación de *Queer-emos un mundo novo* (2012), da autoría de Teresa Moure, en que se se analiza a cuestión de xénero a través da teoría *queer* e en que, entre outras, se destaca a figura de Rosalía de Castro, non só dentro do panorama literario, mais tamén como defensora da causa feminista e da xustiza social.

súa opinión, permite unha investigación personalizada centrada nas experiencias, sempre distintas das persoas entrevistadas. Este método constitúe unha nova vía para entendermos a identidade cultural –sempre dinámica– dunha persoa no seu proceso de autoconstrución ou co-construción. Anna Szczepaniak-Kozak aplica este modelo aos intercambios interculturais para comprobar en que medida as diferentes cosmovisións identitarias inflúen na adaptación a unha cultura foránea.

Pola súa parte, Elisabeth Woodward-Smith examina no seu artigo “Humour in the construction of British cultural identity” o papel significativo que desempeña o sarcasmo e o humor na conformación da identidade cultural británica e o modo en que se reflicte na cultura escrita a través das estampas dos xornais diarios. Neste estudo, a autora verifica que as representacións que o pobo británico fai de si mesmo e do resto dos países contribúen para afianzar un sentimento identitario común e, por súa vez, diferencial. Nunha liña similar ás *Cousas da vida* (1989) de Castelao para o caso da Galiza, as estampas abranxen unha grande variedade temática que afecta todos os aspectos da vida en sociedade. Para alén disto, o ton humorístico, irónico e autocrítico que desprenden favorece a creación de símbolos culturais de grande relevancia para a identidade colectiva dunha nación como a británica, en que a cuestión identitaria é aínda moi complexa.

O ensaio de Bernadette O’Rourke, “Irish and Galician: Bridging the divide” constitúe o exemplo máis próximo de nós e aquel en que a estreita relación existente entre a perspectiva cultural e a lingüística fica máis clara. Así, a antedita autora realiza un estudo comparativo entre dúas realidades sociolingüísticas, a da lingua galega e a da irlandesa, que –embora diversas– presentan moitos puntos en común, a pesar de que as análises previas dun e doutro idioma teñan camiñado por roteiros ben diferentes, case nunca converxentes. O’Rourke focaliza a súa atención nos factores sociais, políticos e económicos que inflúen na situación das linguas minorizadas, isto é, que contribúen ou ben para a súa revitalización e sobrevivencia, ou ben para a súa subordinación e consecuente desaparición. Esta análise vira positiva na medida en que abre unha nova perspectiva desde a cal nos achegarmos do fenómeno das linguas minorizadas e porque a investigación comparada permite á autora desmontar moitos dos parámetros en que se asentou a súa análise.

Como sinalamos no comezo, o volume finaliza cunha sección en que figuran tres contributos relacionados coa investigación sobre a aprendizaxe de linguas. No primeiro deles, “Language learning as a personal experience: implications of variability and the social semiotic approach for L2 acquisition”, Hadrian Lankiewicz reflicte sobre o concepto de variabilidade lingüística en relación coa aprendizaxe de idiomas desde unha perspectiva semiótica e social, o que constitúe un tema pouco explorado na esfera dos estudos sobre linguas estranxeiras que pon de manifesto a

transcendencia do contexto e do coñecemento cultural na adquisición de segundas linguas. Neste sentido, o autor considera relevante conceder atención a factores cal a idade, o sexo, o grupo social ou a etnia dos falantes, –criterios enunciados tamén por Sánchez Rei (2011:27-95) no seu estudo sobre o galego– para examinarmos o fenómeno da variación lingüística. Na mesma liña, destaca tamén a importancia dos condicionantes pragmáticos, na medida en que a variación lingüística é o resultado das experiencias persoais dentro dun contexto sociocultural que repercuten tamén na aprendizaxe.

Sobre esta cuestión, Adrianna Biedrón realiza en “The narrative of life: Biographies of gifted foreign language learners” unha análise sobre cales son as condicións necesarias para crear un contexto de aprendizaxe óptimo e focaliza a súa atención no estudantado que presenta maiores aptitudes. Nestes medios, a autora sinala a importancia de valorizar, para alén das capacidades cognitivas e das habilidades lingüísticas, outras circunstancias, como os datos biográficos e factores emocionais ou de comportamento; na liña do artigo Anna Szczepaniak-Kozak, a personalidade e a experiencia vital dos falantes favorecen ou empecen a adquisición doutras linguas, motivo por que xulga que debería terse en consideración neste tipo de investigacións. A análise de caso realizada por Biedrón e as aproximacións anteriores sobre este tema permítenlle verificar as súas hipóteses e demostrar a transcendencia que as vivencias particulares poden ocasionar na configuración das identidades lingüísticas dos falantes.

A aproximación de Augustyn Surdyk intitulada “Towards electronic media awareness: the basics of security engineering in FL teacher education” é a encargada de encerrar o ciclo dos estudos lingüísticos e de dar cabo á obra coordinada por Lorenzo-Modia e Szczepaniak-Kozak. Este artigo céntrase nunha cuestión de relevancia no contexto da Sociedade da Información en que nos movemos, isto é, na necesidade de o estudantado e, nomeadamente, o profesorado coñecer as regras básicas de seguranza mediante as cales navegar a través da Internet, que, por outro lado, constitúe un medio idóneo para a aprendizaxe e o ensino de linguas. Nesta altura, Surdyk considera que a división dixital que en moitos casos afecta o profesorado no relativo ao dominio desta ferramenta debe ser superada e, en consecuencia, dedica as súas páxinas a describir e analizar algúns dos perigos que ameazan na Rede e, así mesmo, indícanos os medios para os podermos evitar. Na súa opinión, con que concordamos, este tipo de formación non debería ser subestimada, sobre todo en profesións relacionadas co ensino e a filoloxía, en que a Internet ten tanto que nos ofrecer.

En síntese, *From life to text: building linguistic and cultural identity* configúrase como un volume de referencia no ámbito sociolingüístico e sociocultural, dado

que as investigacións que nel figuran sobre lingua, literatura e cultura contribúen para reflectirmos o modo en que as persoas participan da vida social e, ao tempo, a transcendencia que estas experiencias teñen na construción de identidades –ben colectivas, ben individuais– e na forma de valorizarmos quen non pertence a elas. Ao longo das páxinas desta obra podemos comprobar a importancia dos textos –escritos ou orais, literarios ou non–, que constitúen un soporte moi valorizado para a transmisión destas experiencias, e da lingua, que conforma a ferramenta que torna posíbel a súa comunicación. En definitivo, recomendamos encarecidamente a lectura desta obra, dado que constitúe un contributo esencial que demostra a forte relación existente entre estas tres áreas de estudo; nunha época en que prima a investigación especializada, vira fundamental unha achega destas características, xa que permite verificarmos o xeito en que a lingua, a literatura e a cultura interaxen para se complementaren. Alén disto, a diversidade xeográfica das persoas que participan neste volume ofrece diferentes perspectivas desde as cales nos achegarmos deste fenómeno. Así as cousas, un traballo deste teor pode exercer un papel moi importante no noso contexto, xa que permitirá abrir novos camiños no estudo sobre a lingua, a literatura e a cultura galegas –como xa demostra o artigo de Bernadette O’Rourke– e establecer pontes comúns con outras linguas, literaturas e culturas, até agora non exploradas.

Estefanía Mosquera Castro

Referencias bibliográficas:

- Castelao, A. R. (1989) [1978]: *Cousas da vida* (Vigo: Editorial Galaxia).
- Freixeiro Mato, X. R. (2006): *Lingua, nación e identidade* (Bertamiráns: Editorial Laiovento).
- Moure, T. (2012): *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións* (Vigo: Editorial Galaxia).
- Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Bertamiráns: Editorial Laiovento).
- Sanmartín Rei, G. (2002): *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)* (A Coruña: Espiral Maior).